Concello de Cerceda. Club: Atlética A Silva. Federación Galega de Atletismo.

13ª CARREIRA POPULAR PEDESTRE -A SILVA 2017-

NOVO PERCORRIDO DE 7 KM! (Modificación, por coincidencia co paso da Volta Ciclista a Galicia)

O clube ATLÉTICA A SILVA, xunto co CONCELLO DE CERCEDA, organizan o **DOMINGO 17 de SETEMBRO**, a partires das 10:30 horas, a 13ª Carreira Popular Pedestre "A Silva 2017" con saída e chegada no campo da feira de A Silva (a 9 km de Cerceda e a 17 km de Ordes), discurrindo toda por terreo asfaltado.

REGULAMENTO DA PROBA

1. Poderán participar atletas federados e non federados.

2. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN (feminina e masculina):

-*CHUPETE: nacidos no 2012 e posteriores.
-*PITUFO: nacidos no 2010-20011
-BENXAMÍN: nacidos no 2008-2009
-ALEVÍN: nacidos no 2006-2007
-INFANTIL: nacidos no 2004-2005
-CADETE: nacidos no 2002-2003
-XUVENIL: nacidos no 2000-2001
-JUNIOR: nacidos no 98-99
-PROMESA: nacidos no 95-96-97
-SENIOR: nacidos do ano 1983 ata a 1994.
-VETERÁNS 1: do 1977 ata o 1982.
-VETERÁNS 2: do 1976 ata o 1968.
-VETERÁNS 3: do 1967 ata o 1958.
-VETERÁNS 4: do 1957 ata o 1900.
-DISCAPACITADOS: (correrán na categoría que lle corresponda por idade).
-*AFECCIONAD@S: nacidos no 1999 e anteriois (nesta categoría so poderán correr atletas non federad@s)

*As categorías CHUPETE , PITUFO e AFECCIONAD@S non son categorías federadas.

3. HORARIOS e DISTANCIAS:

10:30 h ABSOLUTA –**PERFIL / PERCORRIDO**: https://www.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=19500792
SENIOR-JUNIOR-PROMESA.-VETERANS (7.000 metros).
10:35 h –Salto Na Rúa ("SALTO DE ALTURA") Inscribirse na propia páxina da carreira (de Benxamín a Veterán)
11:45 h CHUPETE (100 metros)
11:55 h PITUFO (300 metros)
12:05 h BENXAMÍN (800 metros). 2 voltas ao campo da feira.
12:15 h ALEVÍN (1.000 metros). 2,5 voltas ao campo da feira.
12:25 h INFANTIL (1800 metros). 1 volta ao circuito mediano.
12:50 h. **CADETE – XUVENIL – AFECCIONADOS** (2200 metros).
1 volta campo da feira (400 m) + 1 volta ao circuito mediano (1800 m).

13:20 h. SORTEO dun XAMÓN e ENTREGA DE TROFEOS.

4. INSCRIPCIONS CARREIRA:
- Inscricións a través da web ***www.carreirasgalegas.com***. Información en ***www.atletismogalego.org***.

PREZOS DE INSCRICIÓN
CARREIRAS CATEGORÍAS MENORES DENDE PITUFOS A CADETE INCLUSIVE:
*Prezo ata o Martes 12 de SETEMBRO = GRATUITA
*Prezo mércores 13 e xoves 14 de SETEMBRO = 3 €

CARREIRA ABSOLUTA e XUVENIL/AFECCIONADOS:
*Prezo ata o Martes 12 de SETEMBRO = 4 €
*Prezo mércores 13 e xoves 14 de XUÑO = 7 €

¡Non se admitirán inscricións despois do xoves 14 DE SETEMBRO!

5. PREMIOS e OBSEQUIOS
Os trofeos non serán acumulativos. Se entregarán:
- **Trofeo** aos 3 primeiros homes e mulleres da carreira **ABSOLUTA**.
- **Trofeo** aos 3 primeiros de cada categoría e sexo.
- **Camiseta** conmemorativa aos chegados á meta, ata esgotar existencias.
- **Trofeo** ao mellor atleta **local (Concello de Cerceda)** de cada categoría (sempre e cando non se clasifiquen entre os 3 primeros da súa categoría).
- **Trofeo** ao atleta de maior idade, tanto feminino como masculino.
- **Bebidas e froita** e demáis agasallos (**chocolatada**), ao término de cada proba.

6. SAÍDA - META: Campo da feira de A Silva.

7. DORSAIS: A tódolos participantes facilitaráselle dorsal correspondente a súa carreira, debendo levarse colocado na parte anterior do corpo de forma visible para a súa identificación durante o transcurso da proba. O feito de non levalo dará lugar á descalificación do corredor. A RECOLLIDA do dorsal faráse o mesmo día 17 de setembro, dende 1 h antes do comezo de cada proba ata media hora antes de cada categoría.
8. CHIP: os atletas, dende cadete, estarán ademais, identificados a través dun chip integrado no dorsal.
9. CONTROIS: O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estimen oportunos, os cales poderán ser motivo de descalificación en caso de incumprimento das normas de competición recollidas nos regulamentos da FGA, RFEA e IAAF para probas en ruta.
10. Avituallamiento: entregaráse auga no km 5 da carreira absoluta e na meta de todas as probas.
11. Dado o carácter estrictamente popular, festivo e deportivo desta proba, a organización agarda de tódolos participantes o mellor espíritu deportivo. Todo o non recollido no presente regulamento regularase polas normas da FGA, RFEA e IAAF para probas en ruta.
12. O descoñecemento deste regulamento, non exime do seu cumprimento.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña